

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600020502
05/12/2016 09:48:07

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE DECEMBRO DE 2016 POLA QUE SE AUTORIZA UN PRAZO DE MATRÍCULA EXTRAORDINARIA NO CURSO ACADÉMICO 2016/2017 PARA O ALUMNADO DA TITULACIÓN DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL QUE TEN PENDENTES MATERIAS DE 5º CURSO

No curso 2016/2017 extingúese definitivamente a titulación de Enxeñaría Industrial. Neste ano académico o alumnado que ten pendentes materias de 5º curso aínda ten convocatorias para a súa superación.

Xa que as seguintes materias son indistintamente de 4º e de 5º curso, segundo o plan de estudos publicado no BOE:

- 312110672 Ciencia e tecnoloxía do medio ambiente
- 312110675 Máquinas hidráulicas
- 312110682 Tecnoloxía eléctrica
- 312110685 Teoría de estruturas e construcións industriais

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Autorizar un prazo de matrícula do 12 ao 15 de decembro de 2016, para as materias indicadas pertencentes ao 1º cuatrimestre.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 5 de decembro de 2016

O REITOR,

Salustiano Mato de la Iglesia

